

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CiMUS), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: "TERAPIA CELULAR PERSONALIZADA CON CÉLULAS MIELOIDES CAR-M ANTI-EGFR PARA TUMORES SÓLIDOS."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS) formalizou o 27.11.2024 coa Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), a través do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) o instrumento convencional arriba referido. Este convenio terá unha vixencia de catro anos a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto materializar e regular a colaboración entre as partes para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado: *"Terapia celular personalizada con células mieloides CAR-M anti-EGFR para tumores sólidos."*

A finalidade do proxecto de investigación é xerar coñecemento acerca da manipulación terapéutica de monocitos/macrófagos para o tratamento de tumores sólidos, e a súa optimización para a súa aplicación en clínica.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

No Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos establécese que a ADOS é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ADOS ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, nos termos que precisen as leis e adscríbese á consellería competente en materia de sanidade.

A ADOS ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados

tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela.

A USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

O Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) creouse por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 17 de febreiro de 2010, e forma parte da rede de centros de investigación cun novo modelo de organización e funcionamento, que constitúe o elemento fundamental da estratexia de I+D do proxecto CAMPUS VIDA (Campus de Excelencia Internacional, MEC-MICINN, 2009).

A misión do CiMUS consiste en realizar unha investigación básica de calidade contrastada, co obxectivo de conseguir avances na prevención, entendemento e tratamento da enfermidade crónica. con base nos seguintes parámetros:

- Xeración de coñecemento en base a criterios de excelencia e translación que permitan a súa transferencia a nivel asistencial e/ou industrial.
- Desenvolvemento dunha estrutura que impulse a eficiencia e competitividade dos Grupos.
- Ser un modelo de cambio cultural que potencie a implicación dos profesionais sanitarios en labores de investigación e dos básicos na xeración de coñecemento en base ás demandas empresariais.
- Incrementar a masa crítica de investigadores biomédicos con especial énfase na captación de xoves investigadores.

Este convenio ten o mesmo obxecto que o subscrito entre ADOS e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC o 21.06.2024. A existencia de varios convenios para o mesmo proxecto de investigación fundaméntase en que aí varios equipos de investigadores pertencentes a distintas entidades investigando a "*Terapia celular personalizada con células mieloides CAR-M ANTI-EGFR para tumores sólidos*", analizando e traballando para iso cos concentrados plaquetarios (buffy coats) procedentes de remanentes que no se vaian a empregar na preparación de unidades

de plaquetas e procedentes de persoas doantes que firmasen o consentimento informado da ADOS no momento da doazón.

Xustifícase ademais a existencia de varios grupos de investigadores en diferentes entidades, na utilidade que proporciona na práctica común no campo da investigación clínica e en outros campos de investigación, de poñer a distintos equipos traballando no mesmo proxecto. Esta diversificación pode contribuír a aumentar as posibilidades de éxito derivadas de ter un maior número de persoas investigando e aproveitando os medios tecnolóxicos e de coñecemento das institucións, tales coma instalacións, instrumentación tecnolóxica de laboratorio e en definitiva procurando utilizar os recursos de forma mais eficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

